



49

Jesús de Ghorriños
vai ó manicomio
pena da volvere que
das Seixas vai solo.

Chegand'a Moredo
alí encontrará
tres ou catro compañeiros
da mesma enfermédá.

Campachán está no Souto
José María en cas Cibreiro
e Pedro tolo no Picón
vai'mozos qu'hai en Moredo.

mózor de Moredo
dan en qué pensare
no millor da vida
vé-los toleare.

Ai ó manicomio
lev'os o da Xesta
que che tén os ollos
com'onha laverca.

Antonio da Xesta
xa non é formale
debe ser traidore
qu'os ollos llo danhe.

Os mociños de Moredo
tamén Dió-los castigou
por facer tantas bravuras
cando foron a misión.

Os mociños de Moredo
‘scusachelles parcer mal
onde fixeron estas bravuras
foi na misión do Carballal.